

**RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DE VIGO POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN PROVISIONAL DAS EMBARCACIÓNS SELECCIONADAS PARA A ELABORACIÓN DE LISTAS PARA O INCREMENTO DO NÚMERO DE COTAS DE CAPTURA PARA AS EMBARCACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE XESTIÓN DO RECURSO ESPECÍFICO DE NAVALLA E LONGUEIRÓN VELLO DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE VILANOVA DE AROUSA APROBADO PARA O ANO 2019 E PRORROGADO ATA O 31 DE DECEMBRO DE 2021.**

**ANTECEDENTES**

1. A Orde do 20 de decembro de 2018, pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos en Galicia para o ano 2019 (prorrogado ata o 31 de decembro de 2021) establece un número máximo seis (6) embarcacións e dez (10) tripulantes no plan de xestión de navalla e longueirón vello para a Confraría de pescadores de Vilanova de Arousa.

2. A disposición transitoria segunda do *Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas* establece que os plans de xestión regulados pola Orde de 20 de decembro de 2018 prorróganse ata o 31 de decembro de 2021.

3. O 8 de xullo de 2021 a Confraría de pescadores de Vilanova de Arousa, solicita a apertura do prazo de presentación de solicitudes para a elaboración das listas para o incremento de unha (1) cota de captura para repartir entre as embarcacións integrantes do plan de xestión.

4. Por Resolución da Xefatura Territorial de Vigo publicada o 28 de xullo de 2021 abriuse o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración da lista para cubrir unha (1) cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión de navalla e longueirón vello dende embarcación para a Confraría de pescadores de Vilanova de Arousa.

5. Rematado o prazo de presentación das solicitudes conséntase que se presentaron seis (6) solicitudes ao proceso selectivo.

**CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS**

1. A *Orde do 30 de decembro de 2015* determina nos seus artigos 39 a 46 os requisitos e o procedemento para o incremento de número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión.



2. A Xefatura Territorial de Vigo é competente para ditar as resolucións deste proceso selectivo segundo establece o artigo 52 da *Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

Aprobar a relación provisional das embarcacións seleccionadas para o incremento de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión de navalla e longueirón vello dende embarcación para a Confraría de pescadores de Vilanova de Arousa (ANEXO I).

Está resolución estará exposta na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da Xefatura Comarcal de Pontevedra, da Xefatura Comarcal de Vilagarcía e no taboleiro de anuncios da Confraría de Pescadores de Vilanova de Arousa.

Contra esta relación provisional, as persoas interesadas poderán presentar ante a xefatura territorial cantas alegacións consideren oportunas no prazo máximo de quince (15) días hábiles.



## **ANEXO I**

Proceso selectivo para elaboración de listas para o incremento de cotas de captura entre as embarcacións incluídas no Plan de explotación de navalla e longueirón vello dende embarcación para a Confraría de pescadores de Vilanova de Arousa.

### **SOLICITUDES ADMITIDAS:**

**(puntuadas e ordenadas alfabeticamente polo nome da embarcación)**

<b>NOME DA EMBARCACIÓN</b>	<b>MATRÍCULA</b>	<b>1. EMBARCACIÓN CUNHA SOA COTA DE CAPTURA NO PLAN DE XESTIÓN</b>	<b>2. EXPERIENCIA PROFESIONAL DO ARMADOR</b>	<b>3. HABITUALIDADE DA ACTIVIDADE PESQUEIRA</b>	<b>TOTAL</b>
CARMEN	3ªVILL-3 6037	5	4	3	12
DIANA UN	3ªVILL-3 5-02	5	4	3	12
LOLA	3ªVILL-3 6076	5	4	3	12
MIRA	3ªVILL-3 9214	5	1,4	0	6,4
OJO	3ªVILL-3 8046	5	2,4	1	8,4
SIRENA	3ªVILL-3 9191	5	3	3	11

